

A MOZA DA PONTE



Tít. orixinal: *Le fille sur le pont*

Ano: 1999

Duración: 90 min.

País: Francia

Dirección: Patrice Leconte

Guión: Serge Frydman

Música: Jean Goudier

Fotografía: Jean Marie Dreujou

Reparto: Daniel Auteil, Vanessa Paradis, Claude Aaufaure, Bertie Cortez, Mireille Mosse, Catherine Lascault


Productora: Films Christian Fehner / UGCF / France 2 Cinéma

Xénero: drama romántico

Non recomendada para menores de 13 anos

Sinopse: unha ponte de París de noite. Unha moza inclínase sobre o Sena cos ollos cheos de bágoas e un ansia enorme de afogar as súas penas. "Pareces unha moza a punto de cometer un erro", pronuncia unha voz por detrás. Alguén, saído da nada, preocúpase por ela. É Gabor, un lanzador de coitelos que necesita unha diana humana para o seu espectáculo. A moza, Adèle, que nunca tivo sorte e non ten a onde ir, irase con el.

Ó fío do amor, por Andrés San Martín



É unha historia dun par de almas á deriva que se unen por causa do destino, é o que diría se me obrigaran a sintetizar, a resumir, a condensar esta película. Non parece rechamante unha película descrita cunha oración así, que se parece a tantas outras, pero sen embargo é moi intensa, tanto ou máis que as anteriores obras do director Patrice Leconte. A excantante Vanesa Paradis, que tamén é exmodelo, volve a traballar con Leconte logo da malograda experiencia de ambos coa dupla de galáns maduros formada por Belmondo/Delon. Aquela foi unha experiencia que ámbolos dous decidiron deixar no esquezo. Agora Leconte retoma o seu estilo naturista e afecto ás emocións e sentimentos máis elementais do ser humano.

"La fille sur le pont" fálanos sobre Adele, unha moza que ten moi pouco polo que vivir, e Gabor, un lanzador de coitelos con tanto baleiro no seu corazón como gañas de que os coitelos cargaran na dirección contaría. As pontes de París son espléndidas para moitas circunstancias, unha delas é a que Adele escolle para rematar coa súa existencia. Non obstante alí está Gabor. A proposta é sinxela e en certo modo, similar á forma de narrar de Leconte. Si el necesita un branco vivente para o seu acto, quen mellor que ela, que quere morrer, para axudalo. Si se equivoca non hai problemas morais ou de conciencia que superar.

A relación fórzase co desexo sexual e o temor. Ambos comezan a tirar dos extremos ata que xa non lles queda corda que tirar ou espazo para retroceder. O amor é inevitábel. E a paixón pasa a fluír nunha relación nada doada e de todo complexa. Filmada soberbiamente en branco e negro, posúe unha fotografía tan atractiva que en ningún momento bótase en falta a cor. Escenarios diversos que reflicten o espírito aventureiro dunha parella solitaria en movemento. Cada un, á súa vez, con soidade propia.

Paradis preséntase como unha muller; a súa etapa de adolescente devorahomes quedou no pasado. Desarranxada, pero "meticulosamente" desarranxada, proxecta un estilo propio con aroma e liñas da "rive gauche". O seu aspecto desprolixo ben podería ser a tapa dun semanario da moda, e resulta imposible disimularlo ou no advertilo. A súa intuición para actuar e o seu "espírito na fuga" reconfirma a excelente elección de Leconte. Auteuil, pola súa banda, reborda testosterona gala, enigmática, autosuficiente e desinteresada. Ambos reaccionan ante a química mutua con miradas, pausas e desencontros. O destino fai arranxos sen o consentimento de ninguén e a parella ó final percatarase diso. Con esta filme, o querido director de "O marido da perruqueira", recupérase do seu fracaso anterior, lanzando

un coitelo a cegas e a escuras, contra un branco que respira no silencio... Leconte sabe onde máis nos doe, alá onde somos todos semellantes, homes e mulleres por igual... no corazón.

A moza da ponte, por Gustavo Camps



A moza da ponte é unha comedia romántica filmada en branco e negro cunha beleza que é produto da economía narrativa que exerce o autor – resolve a súa historia en noventa minutos – e da comuñón que acadan os protagonistas ante a cámara. Gabor e Adele recordan a personaxes da *Nouvelle Vague* francesa escapando da obxectivación, é dicir, a ser apresados por un modelo que os caracterice. A humanidade é o que conta neles. Non teñen lugar fixo, hoxe están en París, mañá en San Remo e pasado mañá en Estambul; dormen nun barco, un hotel ou un dormitorio público. Gabor leva con el un feixe de baúis con elementos de traballo (é lanzador de coitelos) pero vive co posto, como Adele. É absolutamente verosímil que o seu hábitat sexa o mundo lúdico do circo e dá música *hall*.

As primeiras secuencias da filme amosan esta deliberada construción errática das personaxes. Nun grupo de autoaxuda Adele é interpelada por unha profesional, co ánimo de clasificar o mal que a perturba, pero con cada resposta da a sensación de que Adele reformula a pregunta e evita ser encadrada. Adele e Gabor coñécense nunha ponte de París; ela intenta suicidarse pero el rescátala para ofrecerlle algo case tan efectivo como o ponte para a morte (pero máis emocionante): ser o branco dos seus coitelos nas presentacións circenses. A alegoría pode expresarse así: a morte róldanos a cada paso, polo tanto o suicidio é para as persoas como a redundancia para escritura: inútil.

O branco e negro desta filme é funcional ó relato. A diferenza da argentina *76 89 03* (Bernard e Nardini) ou a española *Morrer (ou non)* (Ventura Pons), onde predominan os grises, o contraste marcado entre o branco e o negro de *A moza da ponte* remite á maneira en que a vida se presenta para Gabor e Adele: como un continuo fluír de experiencia, pura acción, nada planificable, decisións permanentes, a vida do día como a vida do derradeiro día: branco e negro, branco ou negro. Actuar, en certo sentido, efectivamente implica ser extremista, hai que recoñecelo.



O apego á sorte que teñen as dúas personaxes tamén resulta un ingrediente alegórico, polo demais logrado. Cando Adele aposta na ruleta faino sempre polo mesmo número. Non se trata dun cálculo matemático nin dunha fórmula infalible para gañar: sinxelamente é o número que acorda con Gabor. O amor os potencia ata o punto de manexar os fíos da sorte. Tanto é así, que no espectáculo que montan el tira os coitelos sen mirar. Adele sofre cortes ínfimos ás veces, pero cúranse cun pequeno apósito. Conveñamos en que calquera parella soe ter desencontros. *A moza da ponte* é unha historia de amor e de paixón con profundos sentimentos cara o cine.